



CONVENIO DE COLABORACIÓN DE COLABORACIÓN ENTRE GALICIA CALIDADE, S.A.U., A ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Sol María Vázquez Abeal, provista do D.N.I. número 32.659.500-Y, en nome e representación da sociedade Galicia Calidade, S.A.U., domiciliada en Santiago de Compostela, Complexo Administrativo San Lázaro s/n – planta 3, edificio Igape; constituída en escritura outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, Don Manuel Perejil Cambón, o 17 de xullo de 1995, correspondente ao número 957 do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, no Tomo 1711, da Sección Xeral, folio 134, folla C-15.034, e CIF A-15522212. Actúa na súa calidade de Presidenta do Consello de Administración de Galicia Calidade, S.A.U., de acordo co nomeamento en escritura pública de acordos socias de cese e nomeamento de cargos de 2 de xullo de 2013 co número de protocolo 1613 ante o Notario Don José Manuel Amigo Vázquez, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago, no Tomo 67, Libro 0, Folio 130, Sección 8, Folla SC 15034.

Doutra parte, Don Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo, en nome e representación da entidade Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (en adiante, EnergyLab), con CIF G27719913, constituída en escritura outorgada ante o Notario de Vigo, Don José María Rueda Pérez, o 12 de setembro de 2008, correspondente ao número 1.688 do



seu protocolo, e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2008/24; está domiciliada en Rúa Fonte das Abelleiras, s/n- Edificio Citexvi, Campus Universitario de Vigo, 36310, Vigo (Pontevedra). Actúa na súa calidade de Director Xeral de EnergyLab, estando facultado para este acto en virtude das facultades outorgadas ao seu favor na escritura de constitución e na escritura de nomeamento, de data 4 de xaneiro de 2018, asinada ante o notario de Vigo, Don Juan Manuel Díaz Losada, con número de protocolo 22.

E Don Manuel López Portela, en nome e representación da Asociación Clúster da Xeotermia Galega (en adiante, Acluxega), con CIF G94017829, constituída o 1 de febreiro de 2010, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e inscrita no Rexistro Central de Asociacións, adscrito á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Secretaría Xeral Técnica da Xunta de Galicia co nº de rexistro 2010/ 14085-1ª, con domicilio, a efectos de notificacións, na Rúa Velázquez Moreno nº 9, baixo, oficina- 8, 36201 Vigo (Pontevedra). Actúa na súa calidade de Presidente de Acluxega, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da súa Asemblea Xeral celebrada o 21 de xullo de 2017, e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 22 dos estatutos da entidade.

As partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A sociedade pública mercantil Galicia Calidade, S.A.U., está interesada en favorecer o amparo, a través da súa marca, aos produtos e servizos (instalacións de climatización con enerxía xeotérmica de moi baixa



temperatura en circuíto pechado) que prestan as empresas do sector da xeotermia en Galicia.

Segundo.- EnergyLab, segundo figura nos estatutos, ten entre os seus obxectivos sensibilizar e crear conciencia social; impulsar novos produtos e servizos con solucións adaptadas ás necesidades dos distintos segmentos do mercado e definir índices de eficiencia enerxética e sostenibilidade por segmentos e áreas xeográficas. Polo tanto, a promoción da calidade dunha tecnoloxía eficiente entra dentro dos seus obxectivos.

Terceiro.- Acluxega, segundo figura nos estatutos, ten entre os seus obxectivos promover e contribuír á competitividade do sector da xeotermia, para o cal promociona a calidade das instalacións de xeotermia que realizan as empresas adheridas ao clúster, a través da marca colectiva "Calidade Acluxega". Por tal motivo, está interesada en fomentar e asesorar aos seus asociados e aos titulares das empresas instaladoras de Galicia, respecto ao amparo dos seus produtos e servizos baixo a marca de garantía "Galicia Calidade".

Cuarta.- Que o 20 de abril de 2018 asinouse un Protocolo de Colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, EnergyLab e Acluxega, en aras a impulsar o sector da xeotermia.

En cumprimento dos compromisos asumidos no citado protocolo, tódalas partes subscriben o presente convenio, o cal se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxectivo deste convenio é a colaboración entre Galicia Calidade, S.A.U, con EnergyLab e Acluxega, para impulsar a adhesión á marca de garantía "Galicia



Calidade" das instalacións de climatización con enerxía xeotérmica realizadas polas empresas de xeotermia de Galicia que cumpran cos requisitos establecidos na Marca Colectiva "Calidade Acluxega".

A marca colectiva "Calidade Acluxega" aparecerá xunto á marca de garantía "Galicia Calidade" para distinguir as citadas instalacións.

SEGUNDA.- OBRIGAS DE GALICIA CALIDADE, S.A.U.

Galicia Calidade, S.A.U., na súa condición de titular da marca de garantía "Galicia Calidade" realizará controis e auditorías ás instalacións solicitantes da marca e ás amparadas por esta, co fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos para a utilización da mesma. Estes controis realizaranse de forma coordinada cos controis e procesos de auditoría que realiza o Acluxega, xunto con EnergyLab, para o mantemento e obtención da Marca Colectiva "Calidade Acluxega". Galicia Calidade S.A.U. velará polo mantemento do esquema de certificación do selo "Galicia Calidade".

A concesión de licenzas de uso da marca de garantía "Galicia Calidade" realizarase conforme ao establecido nos Regulamentos de Uso da marca de garantía, os pregos de condicións que lle sexan aplicables e os procedementos de concesión que teña establecido Galicia Calidade, S.A.U.

A concesión de Licenza de Uso para a Acluxega dará lugar á formalización dun contrato de licenza de uso no que se incluírá, entre outros, a listaxe de empresas de Acluxega licenzatarias da marca colectiva "Calidade Acluxega" e o canon anual polo uso da marca de garantía "Galicia Calidade".

TERCEIRA.- OBRIGAS DE ACLUXEGA

Acluxega comprométese a informar e apoiar aos seus asociados sobre os



requisitos necesarios para o uso da marca “Galicia Calidade”, así como dos procedementos de control establecidos ao respecto, sen prexuízo da información e apoio que Galicia Calidade, S.A.U. ofrezca para tal fin.

Acluxega obrigase a advertir a Galicia Calidade, S.A.U. dos usos indebidos da marca de garantía “Galicia Calidade”, de que teñan coñecemento e a favorecer os canles de comunicación entre Galicia calidade, S.A.U. e as empresas do sector usuarias da marca de garantía, para o desenvolvemento do uso da marca. Así mesmo, promoverá iniciativas conxuntas, no ámbito da promoción das instalacións de xeotermia de Galicia a través do uso da marca de “Galicia Calidade”.

CUARTA.- OBRIGAS DE ENERGYLAB

Energylab realizará os traballos de campo correspondentes á verificación dos requisitos técnicos que deben cumprir as instalacións de bomba de calor xeotérmica en Galicia das empresas que soliciten a Acluxega a obtención ou mantemento da licenza de uso da marca de garantía “Galicia Calidade”.

Doutra banda, obrígase a entregar a Acluxega os informes de auditoría, a partir dos datos e da información recollida nas correspondentes visitas técnicas de campo; esta información deberase poñer a disposición de Galicia Calidade, S.A.U. cando a requira, na súa función de titular da marca de garantía “Galicia Calidade”.

QUINTA.- GRUPO DE TRABAJO

Para levar a cabo as tarefas necesarias para o cumprimento do obxecto do presente convenio creárase un grupo de traballo, formado por un técnico de Galicia Calidade, S.A.U., un técnico de EnergyLab e outro técnico de Acluxega.

SEXTA.- COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO

Con obxecto de coordinar as obrigas derivadas do presente convenio, crearase unha Comisión Técnica de Seguimento, integrada polo menos por un representante de cada organismo.

Á Comisión Técnica de Seguimento corresponderanlle as seguintes funcións:

- A prestación da asistencia técnica ao grupo de traballo encargado da execución das actuacións.
- O seguimento permanente do desenvolvemento das actuacións realizadas en cada unha das fases de execución dos traballos obxecto do presente convenio.
- A revisión do traballos elaborados e a aprobación, no seu caso, dos mesmos.

As controversias na interpretación deste convenio que non puideran ser resoltas no seno desta Comisión Técnica de Seguimento serán sometidas ao criterio da persoa xerente de Galicia Calidade, S.A.U., previo informe dos integrantes da mesma.

SÉTIMA.- PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio terá unha duración de catro anos, contados desde a súa sinatura polas tres entidades, todo elo sen prexuízo da súa prórroga, a cal rexerase polo disposto no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

Ao presente Convenio seralle de aplicación o disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En consecuencia, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao



ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa xustificada.
- c) O mutuo acordo das entidades asinantes.

DÉCIMA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

+



DÉCIMOPRIMEIRA.- PROMOCIÓN, DIVULGACIÓN E DIFUSIÓN

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante as publicacións correspondentes nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

Lido polas partes e como proba de conformidade, asinan este documento no mesmo lugar e data que se indica no seu encabezamento.

Por Galicia Calidade, S.A.U.

Dona Sol María Vázquez Abeal



Por Acluxega

Don Manuel López Portela

Por EnergyLab

Don Juan I. Rodríguez Fernández-Arroyo